ANEXO
BAREMO DE REMUNERACIÓNS POLA COLABORACIÓN, DE CARÁCTER NON PERMANENTE NIN HABITUAL, EN ACTIVIDADES DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

I. Colaboracións desenvolvidas por formadores propios, que teñan a condición de empregados públicos da Xunta de Galicia, por empregados públicos doutras administracións, por profesionais individuais e por persoas físicas en xeral.

A. Docencia

1. Retribucións por docencia en cursos normalizados:

1.1. Cursos presenciais de formación continua ou reciclaxe, segundo o seu nivel de dificultade técnica e calidade académica do docente: *30 € a 140 €* por hora lectiva.

1.2. Cursos superiores ou de especialización: de *140 € a 210 €* por hora lectiva.

1.3. Na modalidade de cursos a distancia ou de teleformación, a retribución poderase establecer en función do número de horas lectivas e do número de alumnos: de *0,10 € a 1,50 €* por alumno titorizado por cada hora da actividade, en función do nivel de especialización. Excepcionalmente poderá estipularse unha cantidade a tanto alzado por actividades complementarias que non poderá superar en ningún caso o custo da docencia presencial.

1.4. Participación en mesas redondas ou grupos de traballo: de *60 € a 180 €*, por sesión.

1.5. Na modalidade de cursos semipresenciais ou mixtos, a retribución das horas impartidas presencialmente farase de acordo co establecido no punto 1.1 e a retribución das horas de teleformación segundo o establecido no apartado 1.3.

2. Actividades especiais de formación (seminarios, congresos, conferencias, simposios, xornadas ou cursos monográficos) e outras colaboracións:

2.1. Relatorios e conferencias: de *210 € a 700 €* por sesión (segundo o tempo e especialización da temática asignada para o dito labor).

2.2. Leccións maxistrais por profesionais de recoñecido prestixio: ata *1.500 €*.

2.3. Comunicacións e participación en sesións e mesas redondas: de *100 € a 300 €* (segundo a especialización ou dificultade técnica).

B. Coordinacións e dirección

De ser precisas serán pagadas en función da duración ponderada pola dificultade técnica.

1. Coordinación técnica de áreas formativas: *300 € a 600 €*.